



**SUBVENCÍONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS
DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O ANO 2020
Declaración expresa responsable (Anexo III)**

Don/Dona _____ con NIF _____ en
calidade de presidente/a ou representante legal da entidade _____
_____ en relación coa solicitude para tomar
parte no procedemento para a concesión de axudas do Concello de Redondela para o
desenvolvemento de programas de servizos sociais para o ano 2020

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

- 1.- Que é unha entidade sen ánimo de lucro.
- 2.- Que a entidade que represento non se atopa incurso en ningunha das circunstancias nin prohibicións a que se refire e enumera o Artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polo que non existe obstáculo que impida que poida resultar beneficiaria das axudas convocadas.
- 3.- Que esta entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica, coa Facenda municipal e coa Seguridade Social, o cal asino en cumprimento do Artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Así mesmo, autorizo ao Concello de Redondela a obter os certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social, Facenda Estatal e Facenda Autonómica.
- 4.- Que a entidade ten debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias, ou ben ten solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada, ou ben ten presentado unha renuncia por escrito.
- 5.- Que en cumprimento do artigo 25 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a entidade non incumpre ningunha obriga por reintegro de subvencións.
- 6.- Que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da entidade ningún membro que se atope nos supostos recollidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas ou tratarse de calquera dos cargos efectivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, nos termos que a propia Lei establece.
- 7.- Que a entidade se atopa inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para as subvencións do Concello de Redondela son exactas e non experimentaron variación.
- 8.- Que se cumpriron as finalidades da subvención mediante a realización da actividade para a



CONCELLO DE REDONDELA

que foi concedida, e que aparecen descritas na Memoria que se xunta (anexo II).

AUTORIZO ao órgano que xestione a subvención a recabar os datos que obren en poder da administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asina a/o presidenta/e ou representante legal da entidade.

Redondela, _____ de _____ de 2020

Asdo.: A/O Presidenta/e ou representante legal da entidade